



Oficina de Sustentabilidade
UNIVERSIDADE DA CORUÑA



REGULAMENTO COMITÉ AMBIENTAL PARA O PROGRAMA GREEN CAMPUS

Obxectivo:

- Mellora ambiental da contorna universitaria, con especial atención á contorna física, social e natural e á comunidade universitaria, promovendo un clima de participación e cidadanía.

Membros:

- Calquera membro da comunidade universitaria do centro ou relacionada co centro poderá participar neste comité ambiental de forma gratuíta.
- O comité contará cun Presidente ou Presidenta e un Secretario ou Secretaria que asistirán ás reunións do comité e poderán designar as subcomisións que sexan necesarias.
- O centro establecerá os criterios sobre a periodicidade de renovación dos membros do comité e rotación de cargos, tomando en consideración o principio de que o comité ambiental debe permanecer aberto en todo momento á incorporación de novos membros.

Reunións:

- Celebrarase unha reunión anual xeral.
- Celebraranse reunións de coordinación cunha periodicidade mínima de 2 reunións anuais ou por curso, unha ao comezo de cada cuatrimestre.
- As reunións convocaranse con dez días de antelación á data de celebración das mesmas. As convocatorias serán públicas e as reunións terán carácter aberto para todos os membros da comunidade universitaria do centro, que se non forman parte do Comité poderán asistir con voz pero sen voto.
- Elaborarase unha acta de cada reunión de coordinación que será remitida aos asistentes por correo electrónico ou posta á súa disposición na web.

Votacións:

- Fomentarase o consenso como método de toma de decisións, á condición de que sexa posible.
- A Presidencia terá dereito a voto de calidade en caso de empate nunha votación.
- En caso de non asistir o Presidente ou Presidenta a unha reunión, o comité decidirá por consenso, ou maioría de 2/3 quen actuará en calidade de Presidente/a durante esa reunión.

Funcións:

- Son funcións da presidencia e da secretaría convocar as reunións, establecer a orde do día tendo en conta as propostas de todos os membros do comité, e redactar a acta da reunión. Por acordo, estas funcións poden recaer noutros membros do comité.
- Garantir que un ou máis representantes do Comité do centro participen nunha reunión xeral anual de Green Campus da UDC.
- Son funcións do Comité Ambiental:
 - Coordinar a realización dunha análise da situación de partida en materia ambiental do centro e a súa contorna, mediante o cuestionario de ecoauditoría proporcionado por ADEAC.
 - Elaborar anualmente un Plan de Acción, no que se establezan os obxectivos, a metodoloxía a aplicar, os recursos dispoñibles, as persoas responsables e, no seu caso, unha temporalización, para a posta en práctica de accións e iniciativas que supoñan unha concienciación e mellora ambiental do centro e da súa contorna.
 - Elaborar unha proposta de Declaración Ambiental para ser adoptada polos órganos de dirección do centro.
 - Realizar unha avaliación continua e redactar unha memoria de síntese sobre a aplicación do Plan de Acción e o grao de cumprimento dos obxectivos de Green Campus.
 - Solicitar a avaliación externa do programa.

Nota: O regulamento da Facultade de Filoloxía pode tomarse como unha referencia máis elaborada:

https://www.udc.es/gl/filo/medioambiente/comite_ambiental_normas_funcionamento/